

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 24 de novembro de 2025**

Con data vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luis Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a María Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Escusa a súa ausencia o Deputado Provincial D. César Manuel Fernández Gil.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE NOVIEMBRE DE 2025 (2025/41A/XGL).- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de novembro de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ. (Exp. 2022/2873P).

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizarlle, por razóns de especial interese para o servizo, a don Jaime Antonio Pintos Pérez, con DNI nº ***5840**, funcionario do grupo A1, adscrito como xefe do gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios desta Deputación Provincial de Ourense, a compatibilidade co exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor interino de substitución a tempo parcial (P05), no Departamento de Dereito Público da Universidade de Vigo, por entender que se cumpren os requisitos e excepcións requiridos polos artigos 3.1, 4.1, 7, 14 e 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, permitindo a superación do límite previsto no artigo 7.1 da citada Lei.

O presente acto suxeitase as seguintes condicións:

a) O exercicio da súa actividade docente universitaria compatibilizada, non poderá impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes nos postos compatibilizados, nin interferir no exercicio da súa actividade como funcionario do grupo A1, adscrito como xefe do gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios desta Deputación Provincial de Ourense, nin poderá supoñer modificación da xornada de traballo e horario establecido nos postos obxecto de compatibilidade. O exercicio da súa actividade docente polo empregado/a público/a tampouco poderá comprometer a súa imparcialidade ou independencia. Respecto as clases que, segundo o POD, impartiranse en horario de mañá durante o primeiro cuatrimestre de 2025 na Universidade de Vigo, realizaranse exclusivamente con cargo aos días pendentes de vacacións ou asuntos particulares que o empregado público ten pendentes de desfrutar segundo consta no seu expediente.

b) O empregado/a público/a deberá cumprir durante todo o exercicio da actividade docente autorizada, os requisitos legalmente previstos e especialmente o previsto nos artigos 3.1, 4.1, 7, 14 e 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor interino de substitución a tempo parcial (P05) na Universidade de A Vigo, xunto coa autorización outorgada xa por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, en sesión celebrada o día 25/11/2024, como impartidor/corrector/director de TFM da Universidade Internacional de La Rioja, no expediente persoal do citado traballador.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas.

3º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE EDICIÓNS DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS DE 2025. (Exp. 2025/22955C). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1. Fixar o prezo dunha obra sobre a Vía da Plata ao seu paso por Ourense, da que son autores Manuel Garrido y M^a Eugenia Muñoz, que próximamente editará a Deputación Provincial.

2. De conformidade co artigo 12 da ordenanza reguladora do Servizo de Publicacións da Deputación (BOP, nº 265 do martes, 19 de novembro de 2013), para poder vender dita publicación, deberá fixarse un prezo público, que en base ao artigo 14 de dita ordenanza deberá cubrir como mínimo o custo real e efectivo da edición, que neste caso é o seguinte:

- Deseño e maqueta e impresión: 15.496 € (IVE incluído)

- Revisión lingüística: 511,32 € (IVE incluído)

- Total: 16.007,32 €, para 400 exemplares.

Polo que o P.V.P. estimado para cada exemplar sería de 40,02 €.

3. En base ao artigo 14.2 da Ordenanza de Publicacións: «poderán establecerse prezos bonificados, por debaixo do custo do servizo, nos seguintes supostos: a) Edicións cuxa difusión entre o público se considere de especial interese social ou cultural», a sección de Arquivo e Publicacións considera que, para a correcta difusión desta ruta xacobeá, esta obra debería bonificarse, polo que se acorda un prezo de venda ao público de 25 € + 4% IVA.

4º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO CARBOMAS. IMPORTE: 17.000,00 euros. (Exp. 2025/14476M). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Boborás, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: Programa de emprego para persoas mozas (Agrupación Carbosam 2024/2025).

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (30.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, do seguinte orzamento:
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 1 de decembro de 2025.

O dito prazo será improrrogable.

5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS (AGRUPACIÓN CARBOSAM 2024/2025). IMPORTE: 30.000,00 euros. (Exp. 2024/15635H). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Boborás, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: Programa de emprego para persoas mozas (Agrupación Carbosam 2024/2025).

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (30.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, do seguinte orzamento:

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 1 de decembro de 2025.

O dito prazo será improrrogable.

6º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE TABOADELA, PARA URBANIZACIÓN ESPAZO RECREATIVO: PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE ESPAZO NATURAL EN TABOADELA IMPORTE: 59.993,07 euros. (Exp. 2025/15065L). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Taboadela, nos seguintes termos:

-Importe da subvención que se consignou na modificación 4/2025 do ano 2025: 60.000,00 euros.

-Orzamento de gastos presentado polo solicitante: 59.993,07 euros.

-Importe que procede reducir en base ao orzamento presentado: 6,93 euros.

-Importe que procede conceder: 59.993,07 euros.

-Obxecto: Urbanización espazo recreativo: proxecto de recuperación de espazo natural en Taboadela.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentados para a concesión da subvención (59.993,07 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 29 de maio de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN ARAGANEY – PUENTE DE CULTURAS, PARA FESTIVAL AMAL EN RUTA DE OURENSE. IMPORTE: 5.000,00 euros. (Exp. 2025/15448B). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación Araganey – Puente de Culturas, nos seguintes termos:

-Importe: 5.000,00 euros.

-Obxecto: Festival Amal en ruta de Ourense.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei (modelos C1, C2, C3 dispoñibles na páxina web da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>), á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo

dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/gl/servizos/subvencions/documentacion-xeral>

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (5.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a

Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

8º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE A PEROXA, PARA REDE DE SANEAMENTO EN VILAR. IMPORTE: 10.000,00 euros. (Exp. 2025/20719S).

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello da Peroxa, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: Rede de saneamento en Vilar.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (40.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo

solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 29 de maio de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO, PARA CREACIÓN DE CUBERTAS VERDES QUE INCREMENTEN A BIODIVERSIDADE. IMPORTE: 13.681,48 euros. (Exp. 2025/20725K). De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Vilar de Barrio, nos seguintes termos:

-Importe: 13.681,48 euros.

-Obxecto: Creación de cubertas verdes que incrementan a biodiversidade.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentados para a concesión da subvención (75.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, do seguinte orzamento:

3.1.-Presuposto contrata: 66.971,62 euros.

3.2.-Honorarios arquitecto: 6.090,49 euros.

3.3.-Honorarios aparelador: 8.028,38 euros.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades

locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 29 de maio de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10º ASUNTOS DE URXENCIA. Non se suscitaron.

11º COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA. Non se presentaron.

12º ROGOS E PREGUNTAS. Non se formularon.

E, ás dez horas e dez minutos do referenciado día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e cinco, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

